

ACTA DE ADMISIÓN DE TODOS OS INTERESADOS MEDIANTE A APERTURA E CUALIFICACIÓN DO SOBRE ELECTRÓNICO A (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E CRITERIOS CUANTIFICABLES POR XUÍZO DE VALOR), E REQUIRIMENTO Á OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXEÑERÍA E SERVIZOS PARA INFORME.

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2018/ABSIOBRAS/000015

ILUMINACIÓN ORNAMENTAL NA PONTE DAS CORRENTES, PONTE DOS TIRANTES E PONTE PEONIL DA ILLA DAS ESCULTURAS

ACTO: Proceder a realizar a apertura e cualificación da documentación contida no sobre electrónico A (documentación administrativa e criterios cuantificables por xuízo de valor) e requirimento á Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos para informe.

ÓRGANO QUE SE REÚNE: Mesa de Contratación.

DÍA: 22/08/2019

LUGAR: Sala de Xuntas do edificio sito na rúa Michelena, 30, Pontevedra.

HORA DE INICIO: 10:25 horas

HORA DE FIN: 10:36 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder a realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

ASISTENTES:

PRESIDENTA: Concelleira de réxime interior, contratación e promoción da cidade	Dona Anabel Gulías Torreiro
SECRETARIO:	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
VOGAIS:	Dona Blanca Vega Lorenzo (Interventora Xeral). D. José Carlos Castiñeira Piñeiro (Secretario da Administración Municipal en funcións de Asesor Xurídico) D. Arturo Lorenzo García (Enxeñeiro Técnico da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos) Don Juan Manuel Muñoz Cerrada (en representación do Grupo Municipal del Partido Popular)

A secretaría deste órgano da lectura ás empresas que se presentaron a este procedemento de contratación:



EMPRESAS QUE SE PRESENTARON A ESTE PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN	CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.
	SETGA, S.L.U.
	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Acto seguido, en acto non público, procédese a apertura dos sobres electrónicos A, que conteñen a documentación administrativa e a proposta ou oferta que se formulan polas entidades admitidas a este procedemento de contratación correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor, que deben valorarse con carácter previo á valoración dos criterios avaliados automaticamente, contidas no sobre electrónico B.

Tras a apertura dos sobres electrónicos A a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Determinar que a documentación administrativa presentada polas entidades mencionadas anteriormente é correcta e en consecuencia admitir a estas empresas a este procedemento de contratación.

Segundo.- Dar traslado destas ofertas correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízo de valor para informe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos.

Finalizada a apertura dos sobres, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

